



ACTA Nº 2023/2

Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, martes 14 de febreiro de 2023

No día de hoxe, ás 09:05 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D. Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

ADIANTE VIMIANZO

D. Eugenio Vidal Quintáns

D.^a María Jesús Barbeira Pose

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

D. Francisco M. Calzas Suárez

AUSENCIAS:

ADIANTE VIMIANZO

D.^a Marta Rey Lema

D. Francisco Javier Trillo Pazos

D. Manuel Lorenzo Hermida

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



Dna. María Jesús Barbeira Pose excusa as ausencias de D.^a Marta Rey Lema, D. Francisco Javier Trillo Pazos e D. Manuel Lorenzo Hermida, por motivos laborais e de saúde.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023. Exp. 2023/A008/000008.

2º. Ditame sobre aprobación do POS+ adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023. Exp. 2023/A008/000009.

Comeza o debate e votación da orde do día.

1º.- Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023. Exp. 2023/A008/000008.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo o xoves día 9 de febreiro de 2023, que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023. EXP.2023/A008/000008.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 6 de febreiro de 2023, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (Plan único de concellos) POS+2023. EXP.2023/A008/000008.

Tendo en conta as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP nº 228 do 01 de decembro de 2022, así como a circular sobre a aprobación das bases reguladoras do dito plan (RE 202200000005029, de 28/11/2022), no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende 575.729,60 euros (achega provincial 2022 e 2023 e o préstamo provincial 2023), esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de obras e urbanismo, a seguinte proposta de ditame:

“1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00 €
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	0,00 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Rehabilitación de urbanización existente con reposición de pavimentos instalacións urbanas e iluminación en C/A Pontenova, dende AC-552 hasta prolongación de C/Codeseiras, en Vimianzo	233.776,94 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	233.776,94 €
Mellora do viario en Romar	136.826,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	136.826,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	370.602.94 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	370.602.94 €

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem.	Total Concello	

			auga potable)		
Rehabilitación de urbanización existente con reposición de pavimentos instalaciones urbanas e iluminación en Braña da Grixá, desde AC-552 hasta esquina de c/Codeseiras con c/Tedín, en Vimianzo	197.405,77 €	3.577,84 €	0,00 €	3.577,84 €	200.983,61 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	197.405,77 €	3.577,84 €	0,00 €	3.577,84 €	200.983,61 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
--	0,00 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00 €

D) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
B- INVERSIONES	Achega 2023	370.602,94 €	0,00 €	0,00 €	370.602,94 €
	Achega 2022	197.405,77 €	3.577,84 €	0,00 €	200.983,61 €
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2023	370.602,94 €	0,00 €	0,00 €	370.602,94 €
	Achega 2022	197.405,77 €	3.577,84 €	0,00 €	200.983,61 €

	Préstamo 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	568.008,71 €	3.577,84 €	0,00 €	3.577,84 €	571.586,55 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar o correspondente proxecto ou prego de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecement o auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecement o) (C= A-B)
Rede de saneamento no lugar de Treos no Concello de Vimianzo	162.367,66 €	0,00 €	162.367,66 €
TOTAIS	162.367,66 €	0,00 €	162.367,66 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos augas e servidumes para a execución dos investimentos ou se está tramitando a obtención dos mesmos para os proxectos de "Rehabilitación de urbanización existente con reposición de pavimentos instalaciones urbanas e iluminación en C/A Pontenova, dende AC-552 hasta prolongación de C/Codeseiras, en Vimianzo" e "Rehabilitación de urbanización existente con reposición de pavimentos instalaciones urbanas e iluminación en Braña da Grixa, desde AC-552 hasta esquina de c/Codeseiras con c/Tedín, en Vimianzo", e que ten resolto ou se está tramitando todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.



6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O que asina en Vimianzo,

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordoñez

(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Obras e Urbanismo por tres votos a favor (2 PSdeG-PSOE e 1 PP), dúas abstencións de AV e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

Dna. Raquel Rodríguez comenta que xa se expuseron as obras na comisión e están dacordo.

Dna. María Jesús dí que apoiaran o punto porque son obras necesarias e aínda que hai moitas parroquias cumpríuse o compromiso de destinar a inversión de gasto corrente a infraestructuras.

A Alcaldesa-Presidenta agradece o apoio e destaca que é preciso rematar a obra do tanatorio para adecentar a zona e as outras como máis se se puidera son necesarias.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

2º.- Ditame sobre aprobación do POS+ adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023. Exp. 2023/A008/000009.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social o xoves día 9 de febreiro de 2023, que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre aprobación do POS+ adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023. EXP. 2023/A008/000009.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 6 de febreiro de 2023 que se transcribe literalmente:



"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2023 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2023. EXP.2023/A008/000009.

Tendo en conta a circular sobre POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023 (RE 20220000005196, de 12/12/2022) no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende a 108.092,52 euros e as bases publicadas no BOP núm.228 de data 01/12/2022, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de benestar social, a seguinte proposta de ditame:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 1/2023**" da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023	108.092,52 €
---	--------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2023(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023 (D)	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C-D)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2023(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONA L 2023 (D)	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C-D)
municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.					
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou víctimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentació n, electricidade, educación, ga stos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como	834.674,73 €	438.337,57 €	396.337,16 €	108.092,52 €	288.244,64 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2023(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONA L 2023 (D)	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C-D)
<p>rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>					
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2023(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023 (D)	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C-D)
para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas					
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
h)Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos na base 12.1.h.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	834.674,73 €	438.337,57 €	396.337,16 €	108.092,52 €	288.244,64 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS 2023(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C-D)
i) Adquisición de equipamento	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL DE GASTOS DE INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	834.674,73 €	438.337,57 €	396.337,16 €	108.092,52 €	288.244,64 €

I.IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	108.092,52 €
II.IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III.IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos sevizos sociais municipais (j)	0,00€
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL (I+II+III)	108.092,52 €



2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asino en Vimianzo,
A Alcaldía
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Benestar Social, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta traslada de xeito pormenorizado o principal destino dos gastos sociais para o SAF e comenta que serían aproximadamente 180.000 euros, necesitando moito máis á vista das cifras porcentuais e do contrato actual que xa está sobrepasado en canto o prezo en comparación con outros concellos.

Dna. Raquel Rodríguez dí que todo o que veña será benvido e máis falta que faría.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:11 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O secretario
Francisco Javier Novoa Juiz